

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 29/03/2021 13:43:30


SAIDA 4970/21




Reclamante 
Expediente. Nº **RSCTG 4/2021**

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por  mediante escrito do 8 de xaneiro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 23 de marzo de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 8 de xaneiro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante a Consellería de Sanidade, de obtención de copia do plan ou plans de continxencia activado(s) pola a área sanitaria de Vigo contra a pandemia de SARS-CoV-2, o virus que provoca o covid-19, e que estivese en vigor no momento de resolver a solicitude.

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, e do seu DNI.

Segundo. Con data do 13 de xaneiro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 15 de xaneiro de 2021.

Terceiro.- Con data do 12 de marzo de 2021, ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo oficio da Consellería de Sanidade no que informa que con data do 11 de marzo de 2021,

ditouse resolución pola que se estima a solicitude de acceso á información do interesado. Xunto co oficio, remite copia do expediente, na que consta a solicitude de información do interesado e a Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade de data do 11 de marzo de 2021, con xustificante de recepción da notificación por parte do interesado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas

funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e

reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Sanidade non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo que o artigo 27.4 da Lei 1/2016 establece, senón que o fixo unha vez que o interesado tiña presentada reclamación ante a Comisión da Transparencia, polo que polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou acceso á Consellería de Sanidade, de obtención de copia do plan ou plans de continxencia activado(s) pola a área sanitaria de Vigo contra a pandemia de SARS-CoV-2, o virus que provoca o covid-19, e que estivese en vigor no momento de resolver a solicitude, información que de conformidade co disposto nos artigos 24 da Lei 1/2016 e 13 da Lei 19/2013, debemos considerar como información pública.

A Consellería, aínda que fóra do prazo que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, ditou resolución expresa concedendo o acceso ao solicitado mediante a remisión de copia do plan estratéxico asistencial activado(s) pola a área sanitaria de Vigo contra a pandemia de SARS-CoV-2, polo que procede en consecuencia, estimar por motivos formais, a reclamación presentada.

Debe lembrarse á Consellería de Sanidade a súa obriga de resolver as solicitudes de acceso á información dentro do prazo dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016 e a consideración do seu incumprimento reiterado como infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia, En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 8 de xaneiro de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante a Consellería de Sanidade, de obtención de copia do plan ou plans de continxencia activado(s) pola a área sanitaria de Vigo contra a pandemia de SARS-CoV-2, o virus que provoca o covid-19, e que estivese en vigor no momento de resolver a solicitude.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses,

contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.03.29 12:59:54 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.